



**PROTOCOLO DE MEDIDAS ESTABLECIDAS PARA A PRÁCTICA  
DEPORTIVA NAS INSTALACIONES  
- PROCESO DE REACTIVACIÓN DEPORTIVA COVID -19-**

**ÍNDICE**

- 1.- Obxectivo.**
- 2.- Aplicación do protocolo.**
- 3.- Condicións de acceso e práctica na instalación.**
- 4.- Medidas de desinfección e limpeza.**
- 5.- Medidas xerais.**
- 6.- Actuación en caso de sintomatoloxía.**
- 7.-Normativas e guías relacionadas.**



### 1.- Obxectivo.

O obxectivo do protocolo de medidas xerais para a práctica deportiva en campos de fútbol municipais é garantir unha práctica segura en relación á pandemia por COVID-19, establecendo as medidas sanitarias e preventivas básicas que acouten e minimicen o risco de transmisión do coronavirus durante a práctica deportiva.

As medidas e condicións establecidas no presente protocolo serán de obrigado cumprimento, e irán adaptándose ás posibles modificacións establecidas polas autoridades sanitarias e deportivas competentes, e a situación epidemiolóxica vixente en cada momento, que poden incluír, se a situación o require, o peche da instalación.

### 2.- Aplicación do protocolo.

O presente protocolo será aplicable ás actividades desenvolvidas nos campos de fútbol municipais, e será susceptible de variacións e/ou actualizacións en función das indicacións das autoridades sanitarias e deportivas competentes.

### 3.- Condicións de acceso e práctica na instalación:

- As Entidades deportivas deberán presentar vía telemática con carácter previo ó inicio da actividade unha solicitude formal de uso de instalación, que incluírá a programación completa de adestramentos xunto coa declaración responsable tipo (Documento tipo) previa autorización de uso da instalación. O Concello autorizará expresamente o inicio da actividade.
- As entidades disporán dun listado de deportistas, técnico e de persoal auxiliar que accede á instalación.
- Será obrigatorio que calquera persoa implicada no desenvolvemento da actividade deportiva que acceda á instalación (Deportistas, técnicos, directivos, auxiliares...), cumprimenten a declaración responsable (Anexo).
- É obrigatoria a presenza permanente na instalación dun coordinador COVID-19 nomeado pola entidade usuaria, que será o responsable do seguimento do cumprimento das medidas preventivas sanitarias e organizativas.
- O desenvolvemento dos adestramentos e a práctica deportiva adaptarase á normativa sanitaria e deportiva vixente en cada momento para cada modalidade e categoría (Distancias, contacto, volume de uso da instalación...) e a normativa de uso das instalacións.
- Está **prohibido acceder á instalación a calquera persoa que presente síntomas** compatibles co COVID-19 ou estivo en contacto estreito, tendo en conta a definición que de dita situación realice o Ministerio de Sanidade en cada momento, con persoas que puideran ser sospeitosos de padecelo.
- Os/as usuarios/as **que teñan dado positivo nunha proba de diagnose mediante PCR**, aínda non tendo síntomas, non deben acceder á instalación ata que as autoridades sanitarias o permitan.
- Calquera usuario/a da instalación que teña algunha incidencia relacionada co COVID-19 (Contaxio, contacto, sospeita de contacto ou contaxio...), deberá notificalo inmediatamente ó responsable da actividade, que o poñerá en coñecemento do Concello de Vigo a través do coordinador COVID-19 da instalación. Dito/a usuario/a non deberá acudir á instalación ata descartar o contaxio.
- Acceso/Saída da instalación:
  - O acceso á práctica queda autorizado exclusivamente a deportistas, adestradores e auxiliares federados e/ou vinculados á actividade e directivos da entidade. Os



- acompañantes deberán agardar no exterior da instalación ou complexo deportivo ata a saída dos/das deportistas.
- O acceso e a saída da instalación realizarase de forma escalonada para evitar a coincidencia dos diferentes grupos de adestramento.
  - O acceso á instalación deberá dispoñer dun dispensador de xel, que deberá ser empregado obrigatoriamente por calquera persoa que acceda á instalación.
  - O uso da máscara na instalación é obrigatorio para todas as persoas en todo momento, incluso durante a práctica.
  - Non utilizar nunca na zona de práctica o mesmo calzado usado na rúa.
  - Os/as deportistas deberán abandonar a instalación de forma inmediata ó remate do adestramento, mantendo un fluxo unidireccional que evite o cruce con outras persoas, e por grupos de práctica.
- **Mochilas:** Habilitarase un espazo para as mochilas e obxectos persoais de cada grupo, que deberán permanecer separadas entre elas. Os/as deportistas deberán levarse todos os seus obxectos persoais tras a práctica.
  - **Vestiaros:** Queda prohibido o uso de vestiarios que permanecerán pechados en todo momento.
  - **Aseos:**
    - O uso dos aseos será individual.
    - É obrigatoria a hixienización das mans ó entrar e ó saír.
    - Obrigatorio o uso de máscara.
    - Os aseos se hixienizarán tras cada quenda de adestramentos/competición con produtos desinfectantes virucidas autorizados polo Ministerio de Sanidade.
  - **Almacéns de material:** Só accederá ó almacén de material o responsable de cada grupo. O material utilizado para cada adestramento, deberá ser desinfectado antes de ser gardado de novo utilizando panos de papel desbotables (que serán desbotarse a unha papeleira con tapa ó efecto) e aplicando un desinfectante autorizado para uso por público en xeral que inactive o SARS-CoV-2 dos que figuran no "*Listado de virucidas autorizados en España para uso ambiental (PT2), industria alimentaria (PT4) e hixiene humana (PT1)*" na súa derradeira actualización publicado polo Ministerio de Sanidad.
  - **Salas administrativas:** Reducirase ó mínimo o uso de salas administrativas, garantindo sempre a distancia social, o uso da máscara e o volume permitido de persoas en cada momento en función do espazo, que será ventilado de forma constante.
  - **Salas técnicas de mantemento da instalación:** Só se permite o acceso en caso necesario das persoas autorizadas.
  - **Pautas durante os adestramentos:**
    - Manter grupos estables de adestramento.
    - Observar e atender en todo momento as modificacións da normativa sanitaria e deportiva.
    - Regras xerais:
      - Utilizar na zona de práctica un calzado diferente ó da rúa.
      - Manter unha distancia máxima de seguridade, que como mínimo será de 1,5 metros, evitando calquera tipo de contacto excepto nos casos permitidos polas autoridades.
      - Utilizar a máscara sempre, incluso durante a práctica.
      - Non compartir material, bebidas....
      - Non cuspir na instalación.
      - Extremar as medidas de hixiene persoal.

#### **4.- Medidas de desinfección e limpeza:**

- Seguiranse as indicacións de limpeza e desinfección aprobados nos protocolos sanitarios.
- Utilizaranse desinfectantes homologados polo Ministerio de Sanidade, que inclúe dilucións como a lixivia (1:50) recentemente preparada a temperatura ambiente.
- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro nos colectores de lixo existentes, e procederase posteriormente á hixienizacións ou lavado de mans.



- Cando existan postos de traballo compartidos por máis dunha persoa do staff, estableceranse os mecanismos e procesos oportunos para garantir a hixienización destes postos.
- Manter ventilados o máximo posible os espazos pechados permitindo a renovación do aire.

#### **5.- Medidas xerais:**

- O coordinador COVID-19 da entidade deberá comunicar de forma inmediata ás autoridades sanitarias competentes e ó servizo de deportes do Concello de Vigo (986810237/986810295/[concelleriadeportes@vigo.org](mailto:concelleriadeportes@vigo.org)) calquera incidencia relacionada coa epidemia.
- Recoméndase non compartir vehículo no desprazamento á instalación sempre que sexa posible.
- Informar axeitadamente polos medios necesarios a usuarios/as sobre as medidas preventivas, as condicións de hixiene, os protocolos de acceso e saída da instalación, da práctica...
- Garantir o mantemento dos paneis informativos vinculados co COVID-19 nos espazos necesarios.
- Cada usuario levarase os residuos que xenere, debendo deixar a instalación sen botellas baleiras, vendas, envases.....
- Evitar saúdos con contacto físico.

#### **6.- Actuación en caso de sintomatoloxía:**

- Se algún usuario presenta síntomas compatibles co COVID-19, deberá:
  - Retirarse do adestramento de forma automática e evitar o contacto con calquera outra persoa.
  - Colocarse unha máscara cirúrxica con marcado CE e que cumpra a UNE-EN 14683.
  - Notificar a situación de forma inmediata ós pais, nais ou titores/as en caso de menores de idade, ás autoridades sanitarias e seguir as instrucións das mesmas.
  - Se se detectara gravidade, alertar inmediatamente ó 061.
  - Unha vez a persoa abandone a instalación, desinfectaranse os elementos cos que entrara en contacto e ventilar e desinfectar os espazos cerrados no seu caso.
- Así mesmo, a entidade deberá notificar a situación de forma inmediata á Concellería de Deportes para a adopción das medidas necesarias, a través do correo electrónico [concelleriadeportes@vigo.org](mailto:concelleriadeportes@vigo.org)

#### **7.- Normativas e guías relacionadas:**

- Protocolo volta a actividade deportiva. CSD 18 abril de 2020.
- Orden SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restriccións de ámbito nacional establecidas tras a declaración de estado de alarma en aplicación da fase 2 do plan para a transición cara a nova normalidade.
- Plan de actuación para a recuperación da actividade ordinaria no servizo de deportes do Concello de Vigo do 19 de Maio de 2020.
- Orde SND/440/2020, de 23 de maio, pola que se modifican diversas ordes para unha mellor xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en aplicación do plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restriccións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Plan de actuación para a recuperación da actividade ordinaria no Concello de Vigo tras a crise derivada da pandemia de COVID-19 elaborado por recursos Humanos e formación.
- Real Decreto-ley 21/2020, de 9 de junio, de medidas urgentes de prevención, contención y coordinación para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.
- RESOLUCIÓN de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, sobre



medidas de prevención necesarias para facer fronte a crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

- Protocolo físicocovid-dxtgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- Orde do 27 de agosto de 2002 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de Xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- *ORDE do 17 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.*

Para calquera aclaración ao respecto poden contactar coas oficinas da Concellería de Deportes (986810295 / 986810237 / 986810154), ou a través da seguinte dirección de correo electrónico: [concelleriadeportes@vigo.org](mailto:concelleriadeportes@vigo.org)



**ANEXO 1  
DECLARACIÓN RESPONSABLE ENTIDADE**

Nome da Entidade Deportiva		
CIF		Teléfono
Domicilio Social		C.P.
Ano de Creación		Páxina Web
Nome e Apelidos do Presidente:		DNI do Presidente
E-Mail		
Instalación de xogo		
	Coordinador principal:	Tlf.
Coordinadores COVID-19	Coordinador Auxiliar 1:	Tlf.
	Coordinador Auxiliar 2:	Tlf.

**Declaro baixo a miña responsabilidade:**

- Que a actividade obxecto de solicitude cumpre todos os requisitos legais para o desenvolvemento da mesma, que dispoño da documentación que así o acredita e que a poñerei a disposición da Administración Municipal cando sexa requirido para iso.
- Que deportistas teñen a cobertura sanitaria esixida.
- Que me comprometo a cumprir coa normativa en materia hixiénico-sanitaria e seguridade tanto dos participantes coma do persoal adscrito á dita actividade (de ser o caso).
- Que teño contratado un seguro de responsabilidade civil para a actividade deportiva, e que todos os participantes dispoñen da correspondente cobertura sanitaria esixida.
- Que me comprometo a respectar o Protocolo de medidas establecidas para a practica deportiva nas instalacións no proceso de desescalada COVID-19 e a normativa de uso e funcionamento das instalacións deportivas, así como as obrigas establecidas polas autoridades sanitarias e deportivas en relación a crise do COVID-19, durante o período de tempo necesario.
- As actividades cumpriran co establecido polas autoridades sanitarias e deportivas competentes, así como ás esixencias do Concello de Vigo en materia preventiva.
- Que me comprometo a dar traslado aos meus deportistas e adestradores de toda a información necesaria en relación ás medidas e protocolos a seguir para o uso das instalacións deportivas.
- No caso de utilización de material deportivo, comprométo-me a seguir o protocolo sanitario vixente, que garanta a súa limpeza a desinfección segundo a normativa vixente cos medios e produtos homologados.
- Que coñezo que non seguir algunha das medidas ou protocolos establecidos suporá a suspensión do uso das instalacións deportivas.

En Vigo a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

O/A Presidente/a da entidade

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

**CLÁUSULA INFORMATIVA**

En cumprimento do disposto no art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, infórmase dos seguintes aspectos relacionados co tratamento dos datos persoais que nos proporciona:

- RESPONSABLE DE TRATAMENTO:** O Responsable do Tratamento é o Concello de Vigo, con CIF P3605700H e enderezo na Praza do Rei 1. O contacto co delegado de protección de datos é [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).
- FINALIDADE:** Os datos persoais facilitados serán tratados e utilizados para fins deportivos e outros actos de carácter protocolario e social organizados ou xestionados polo Concello.
- LEXITIMACIÓN:** A base legal do citado tratamento pode estar fundamentada no cumprimento dunha misión realizada en interese público (art. 6.1 RGPD) ou no seu consentemento, neste caso, pode vostede retiralo en calquera momento.
- COMUNICACIÓN DE DATOS:** Tamén lle informamos que os datos que nos proporciona, poden ser comunicados a outras administracións públicas, como poden ser Administración tributaria, Organismos da Seguridade Social, rexistros públicos, ou outros órganos da Administración local, autonómica ou estatal.
- CONSERVACIÓN:** Os seus datos trataranse durante o tempo necesario para levar a cabo a actividade concreta, unaha vez finalizada conservaranse durante os prazos de prescripción de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.
- DEREITOS:** En calquera momento pode exercer os dereitos de acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Os devanditos dereitos poderá exercelos presentando unha solicitude a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo. Igualmente ten vostede dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de datos (AEPD).



**ANEXO 2**

**ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE INFORMACIÓN E  
CONSENTIMENTO INFORMADO, PARA PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

Nome da Entidade Deportiva	
Instalación	
Entidade deportiva	

D<sup>na</sup>/D ..... con DNI/NIE ..... actuando en nome propio, ou no seu caso como pai/nai ou titor/a no menor ..... con DNI .....

**Declaro baixo a miña responsabilidade:**

- Que a persoa participante non está diagnosticada de COVID-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin a presentou nos 14 días previos á data de sinatura do presente documento e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.
- Que a persoa participante non convive con ninguén afectado polo COVID-19 nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada polo COVID-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.
- Que comprométo-me a notificar inmediatamente á entidade deportiva de calquera problema de saúde vinculado co COVID-19, proba específica realizada en relación a este virus, aislamiento do menor por mor de sospeitas ou protocolos de prevención, antes, durante ou despois da actividade.

**Declaración de coñecemento dos riscos para persoas vulnerables catalogadas polo Ministerio de Sanidade en cada momento.**

- Que son consciente do risco que supón a práctica deportiva tanto para a persoa participante como para as persoas vulnerables coas que convive.

**Aceptación das condicións persoais de hixiene e prevención fronte ao COVID-19**

- Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

**Declaración de que leu e acepta a información proporcionada e protocolo de uso de instalacións deportivas sobre en relación ó COVID-19**

- Declaro que lin a información, teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos propostos.

En Vigo a ..... de Outubro de 2020.

Asinado